

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión CONSTITUTIVA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 18 de XULLO de 2007**

## **ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2007.**

No salón de sesións do pazo provincial, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezaoito de xullo de dous mil sete, coa fin de dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño de réxime electoral xeral, Regulamento orgánico da Excma. Deputación provincial e o Real decreto 2568/86, Regulamento de organización e funcionamento de entes locais, polos que se ditan normas para a constitución das deputacións, reuníronse todos os deputados electos e presentan a acreditación mediante as respectivas credenciais, que son entregadas e examinadas polo señor secretario da Corporación segundo as certificacións remitidas polas Xuntas Electorais de Zona, da que resulta a relación seguinte, por orde alfabética:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO HIGINIO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, o secretario xeral da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

#### Sr. Secretario

A Lei orgánica do réxime electoral xeral, o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o Regulamento orgánico desta deputación regulan directamente a constitución da Deputación provincial e a elección do seu presidente nos seguintes termos:

“A Deputación provincial réunese en sesión constitutiva presidida por unha Mesa de Idade integrada polos deputados de maior e menor idade presentes no acto e actúa como secretario, o da Corporación. A Mesa comprobará as credenciais presentadas ou acreditacións de personalidade dos electos, baseadas nas certificacións que remitiran as Xuntas Electorais de Zona. No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos dispostos nas leis ou regulamentos respectivos. Despois a Mesa declarará constituída a Corporación. A seguir procederá a elixir o presidente de entre os seus membros, conforme ao disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime de sesións plenarias da deputación. Para a elección de presidente, o candidato debe obter maioría absoluta na primeira votación e simple na segunda. Quen resulte proclamado presidente tomará posesión perante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos, é dicir, deberá xurar ou prometer o cargo perante o Pleno desta”.

Polo tanto, como secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña dou fe de: Primeiro, que se recibiron nesta deputación as relacións dos deputados electos e proclamados polas respectivas Xuntas Electorais de Zona.

Segundo, que me foron entregadas polos 31 deputados electos as correspondentes credenciais acreditativas da súa proclamación.

Terceiro, que así mesmo, os 31 deputados electos formularon as declaracións para o Rexistro de Intereses ás que se refire o número 7 do artigo 75 da Lei 7 do 2 de abril de 1985, reguladora das bases do réxime local.

A documentación sinalada está ao dispor da Mesa de Idade.

Dou fe, así mesmo, de que se cumpriu o artigo 36 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña, que dispón o seguinte:

“O secretario e o interventor tomarán as medidas precisas para que o día da constitución da nova Corporación sexa efectuado un arqueo e estean preparados e actualizados todos os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na Caixa Provincial ou entidades bancarias, así como a

documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos”. Tamén se atopa neste salón a documentación relativa ao inventario da Corporación.

Doutra banda, dou fe de que, segundo a documentación que consta nesta Secretaría Xeral, o deputado electo de maior idade presente nesta sesión resulta ser Don Alfonso Emilio Balseiro Gómez, quen preside o acto e que o deputado de menor idade é Don José Manuel Rey Varela. Ambos constitúen a Mesa de Idade xunto ao secretario da Corporación.

O señor secretario dá lectura ás disposicións oficiais que regulan o acto, facendo constar que se efectuaron as previsións contidas no Regulamento de organización e funcionamento respecto ao arqueo, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación, e os seus Organismos Autónomos. Dá conta, así mesmo, de que se executou o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, artigo 75.7, referido ao Rexistro de Intereses e incompatibilidades, cubríndose as correspondentes declaracións polos deputados electos.

Efectúanse as comprobacións oportunas da personalidade dos concorrentes.

#### Sr. Presidente

Comprobadas a credenciais, vaise proceder á toma de posesión de deputados/as proclamados/as polas Xuntas Electorais de Zona, mediante a prestación de xuramento ou promesa, comezaremos polos integrantes da Mesa e seguiremos polo resto dos deputados, que serán chamados por orde alfabética. Rógolles aos deputados/as que se poñan de pé.

A seguir procédese á toma de posesión dos deputados/as, comezando en primeiro lugar polos compoñentes da Mesa de Idade, e deseguido efectúase o chamamento dos deputados/as por orde alfabética, que toman posesión do seu cargo xurando ou prometendo o seu desempeño lendo persoalmente a fórmula, agás D. Xoán Manuel Cabo Pérez, que contesta “Si, prometo”, á lectura desta pola Presidencia, impoñéndolles simultaneamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputados/as provinciais.

#### Sr. Presidente

Declaro constituída a Deputación Provincial da Coruña. Vaise proceder a seguir á elección do presidente da deputación. A votación será secreta e farase mediante papeleta que se introducirá na urna disposta para estes efectos. Rógaselles aos partidos políticos que designen aos seus candidatos para o cargo.

### Representante do BNG

O Bloque Nacionalista Galego non vai presentar ningún deputado, vai apoiar o que presente o PSOE.

### Representante do PSOE

O Partido Socialista Obreiro Español presentamos como candidato a Salvador Fernández Moreda.

### Representante do PP

Presentamos como candidato a José Manuel López Varela.

### Sr. Presidente

Polo tanto, son candidatos a presidente, os deputados D. José Manuel López Varela, polo Partido Popular e D. Salvador Fernández Moreda polo Partido Socialista Obreiro Español. Os/as deputados/as poden escribir o nome do candidato que elixen para presidente da deputación na papeleta que se lles entregou, despois deben introducir a papeleta no sobre que dispoñen. Váiselles chamar aos deputados e deputadas por orde alfabética para que depositen os seus votos na urna.

### Sr. Presidente

Dun total de 31 votos validamente emitidos, obtivo 13 votos Don José Manuel López Varela e 18 votos Don Salvador Fernández Moreda, polo tanto, obtivo maioría absoluta en primeira votación, e foi escollido presidente da deputación, Don Salvador Fernández Moreda.

Rógolle ao presidente electo que se achegue á Mesa para tomar posesión do cargo. Por favor, póñanse de pé.

Don Salvador Fernández Moreda, acepta o cargo de presidente da Deputación Provincial da Coruña e toma posesión neste acto?.

### Sr. Fernández Moreda

Acepto. Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de presidente con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Presidente

Queda, por tanto, proclamado presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda, e entrégolle os atributos propios do seu cargo. Pode ocupar a Presidencia.

A seguir, o Sr. Presidente realiza a seguinte intervención:

Sr. Presidente

Sras. Deputadas, Sres. Deputados, Sr. Delegado do Goberno, Sr. Conselleiro de Presidencia, autoridades, señoras e señores.

Asumo de novo a responsabilidade de formar e presidir o goberno da provincia e, como noutras ocasións, garanto a ilusión e o esforzo necesarios para non defraudar a confianza que en min depositan.

Este novo goberno de coalición de dúas forzas políticas, PSdeG - PSOE e BNG, conta coa experiencia e o aval de catro anos de goberno nos que os obxectivos propostos no discurso de toma de posesión alcanzáronse de sobra.

O máis importante e do que me sinto máis satisfeito é do consenso. Podo dicir con orgullo e lexítima satisfacción que os grandes obxectivos propostos se aprobaron por unanimidade, poñendo de manifesto deste xeito non só a saúde e fortaleza do equipo de goberno senón tamén o permanente exercicio de diálogo entre goberno e oposición, entendendo deste xeito que o diálogo é un valor fundamental no exercicio do poder.

Quero que estas verbas non só poñan de manifesto unha característica de goberno senón que tamén sirvan de recoñecemento e agradecemento ao labor de oposición e singularmente do seu voceiro o Sr. Torres Colomer e ao traballo do vicepresidente D. Xaime Bello.

En momentos en que a confrontación e a crispación eran a característica da acción política, a deputación foi un exemplo de colaboración, entendemento diálogo e consenso. Oxalá poidamos manter neste mandato que hoxe comeza eses trazos distintivos que singularizaron o mandato que hoxe tamén finaliza.

Grazas tamén a todas as deputadas e deputados que hoxe non están aquí pero que nos acompañaron nesa tarefa de converter esta institución no auténtico protagonista da vertebración da provincia e de axuda aos seus concellos na forma de maiores niveis de benestar económico e social, de maior calidade de vida e da igualdade de oportunidades para os cidadáns da provincia.

O período de goberno provincial que se iniciou o 26 de novembro do ano 2003, e que finaliza con este acto formal, caracterizouse por unha extraordinaria e exemplar capacidade de negociación de todos os grupos políticos, o que permitiu aprobar por unanimidade a maior parte dos asuntos transcendentales para a provincia, para os cidadáns de hoxe e de mañá.

Estou intimamente convencido de que esta actitude aberta e de diálogo permanente é imprescindible para a adecuada xestión dos asuntos públicos e por iso reiterarei tantas veces sexa necesario a posición de man tendida, de oferta permanente para atopar o consenso e o acordo.

Con motivo da miña toma de posesión no ano 2003 formulei distintos e ambiciosos proxectos que hoxe son realidade.

O esforzo da deputación orientouse prioritariamente a colaborar cos concellos. Neste apartado son numerosas as iniciativas postas en práctica: aprobáronse ademais dos Planos de obras e servizos e do Plan operativo local, novos programas provinciais como o Plan de investimentos locais, Plan de piscinas climatizadas, de campos de fútbol de herba artificial, de grandes cidades, Plan experimental de depuradoras para núcleos de menos de 200 habitantes, entre outros.

Elaboráronse diferentes programas de subvencións para actividades de normalización lingüística, contra a violencia de xénero, de accesibilidade, de conciliación da vida familiar e laboral, para o fomento da igualdade, para entidades socio – sanitarias, convenios de atención primaria para municipios de menos de 10.000 habitantes, para actividades culturais, deportivas, de promoción económica, etc. E para investimentos en infraestruturas municipais de toda índole.

Asináronse convenios de colaboración (para o mantemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida, para a loita contra os incendios forestais, para o sostemento de monitores deportivos, culturais e de servizos sociais, para a limpeza de praias, para actividades de socorrismo, entre outros).

Presentouse perante o Ministerio de Administracións Públicas un ambicioso proxecto para mellorar os recursos informáticos dos concellos orientado a implantación da “Administración electrónica”.

Formalizáronse transcendentales acordos coa Xunta. O convenio sobre o financiamento dos Hospitais Provinciais transferidos á Xunta de Galicia permitiu destinar a

investimentos municipais e sanitarios na provincia 36 millóns de euros que estaban paralizados pendentes de recursos xudiciais.

Acordouse tamén coa Xunta e o Estado a aprobación e execución de Plans plurianuais de dinamización turística como os de Ferrol – Ortegal e Portodemouros que impulsarán o desenvolvemento turístico destas zonas da provincia como xa fixo na Costa da Morte o seu Plan de dinamización turística.

Constituíuse tamén coa Xunta e o sector privado a “Fundación Pública Axencia Provincial da Enerxía”.

Formalizáronse acordos co goberno de España entre os que cabe destacar o relativo á situación do Museo Nacional da Ciencia e da Tecnoloxía no edificio “Prisma de Cristal” propiedade da deputación.

Culminouse a redacción do Plan estratéxico da provincia para o período 2007 – 2013, coincidente co período da actual programación dos Fondos Europeos, co que dispoñemos dun documento técnico que contén un diagnóstico rigoroso sobre a situación económica – social da provincia e a partir do que se formularán estratexias de acción futura configurándose como unha magnífica ferramenta para acceder ao financiamento europeo.

Estamos realizando a recuperación e posta en valor de bens do patrimonio histórico e cultural como o Dolmen de Dombate e o Mosteiro de Caaveiro.

Rehabilitouse o Teatro Colón e coa adxudicación da xestión a Caixa Galicia, a través dun concurso público, dispoñemos dunha magnífica oferta cultural na cidade da Coruña e no conxunto da provincia sen custo ningún para o erario público.

Realizáronse investimentos significativos para a mellora dos servizos tributarios co fin de achegar a administración á cidadanía, xestiónase a economía provincial con austeridade e eficacia, de xeito que esta institución conta con indicadores de “saúde” económica exemplares. Convidolles a comparar as magnitudes máis relevantes (aforro neto, remanente de tesourería, endebedamento, porcentaxe de recadación en período voluntario e executivo) cos de calquera outra entidade pública local.

É especialmente satisfactorio dicir que esta provincia nos últimos catro anos dotouse de 9 parques de bombeiros, que, xunto co que se está construíndo en Santa Comba, permítenos afirmar que esta provincia é a provincia galega mellor equipada e con máis recursos contra os incendios urbanos.

Como complemento a esta actuación adquirimos 4 vehículos contra incendios para os concellos de Curtis, Ortigueira, Muros e Camariñas. Isto permítenos afirmar que ningún cidadán da provincia está a máis de vinte minutos dunha dotación de intervención rápida ante un incendio urbano.



Avanzouse substancialmente na boa administración e transparencia na xestión das subvencións provinciais: non só se aproban e publican as bases das convocatorias como xeito normal de outorgamento das subvencións, senón que tamén se publicaron no BOP e internet todas as subvencións outorgadas nos exercicios 2005 e 2006, e así o faremos coas do exercicio 2007, para que teñan a información pública todos os cidadáns, realizándose un Plan de auditorías das subvencións a particulares e institucións sen fins de lucro, do que se deu conta ao Pleno.

Todas estas tarefas e moitas máis que sería prolixo detallar foron posibles grazas á intensa actividade dos funcionarios provinciais e a actitude de colaboración e acordo dos grupos políticos.

Son moitas as tarefas que temos por diante. A posta en marcha do Plan estratéxico poñendo todos os recursos para mobilizar todas as institucións públicas e privadas para elaborar os mellores proxectos que permitan a innovación e a mellora das nosas infraestruturas e o noso coñecemento, aproveitando todas as oportunidades de financiamento europeo.

Estamos preparando xa as actuacións que se van desenvolver en colaboración co Ministerio de Administracións Públicas para acceder aos recursos do futuro Plan operativo local.

As liñas básicas desta estratexia fundaméntanse en tres apartados:

- Agrupación de concellos menores de 5.000 habitantes en áreas de máis de 20.000 para cumprir os requirimentos esixidos polo MAP. Para este grupo de concellos a deputación elaborará os proxectos que se consideren idóneos de acordo coas previsións do Plan estratéxico, conforme ás propostas técnicas e as consideracións dos alcaldes respectivos.
- Aos concellos de máis de 20.000 habitantes e menos de 50.000 a deputación trasladaralle as propostas que se consideren máis adecuada de acordo co Plan estratéxico e porá ao dispor dos concellos os servizos técnicos que estes consideren adecuados.
- Concellos de máis de 50.000 habitantes: A deputación trasladaralles a información dispoñible e fornecerá a colaboración que en cada caso sexa requirida.

Pretendemos converter xa a partir do próximo ano as zonas de xestión tributaria provincial en auténticos órganos de relación co contribuínte e cos cidadáns de xeito que

estes poidan resolver de forma máis próxima todas as cuestións que se refiran aos tributos municipais cuxa xestión realiza a deputación e poidan presentar nelas calquera escrito, solicitude ou trámite destinado á Deputación provincial.

Proximamente poremos a disposición dos cidadáns novas posibilidades de relacionarse coa deputación a través de internet: pagamento de tributos, presentación de avais, solicitude de subvencións, etc.

Continuaremos a desenvolver e executar os actuais Plans de dinamización turística.

Negociaremos cos concellos de Ferrol e A Coruña a comarcalización dos Parques de Bombeiros tomando como referencia o convenio suscrito co Concello de Santiago.

Seguiremos profundando na transparencia e participación na xestión provincial.

Impulsaremos a actividade da Fundación Pública Axencia Provincial da Enerxía para incentivar o uso das enerxías “limpas” especialmente nos servizos públicos municipais.

Procuraremos os convenios oportunos para permitir que os concellos de menor capacidade económica poidan contar co servizo permanente dun equipo de profesionais e técnicos en urbanismo e protección do medio natural.

Manteremos os programas postos en marcha no pasado mandato para a normalización lingüística, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar.

Levaranse a cabo distintas actividades destinadas a mellorar a dotación dos recursos tecnolóxicos dos concellos, especialmente mediante a subministración daqueles programas informáticos que permitan mellorar a xestión municipal e a súa relación cos cidadáns.

Non se pode descoñecer que dende hai tempo está formulada no noso país a cuestión provincial, unhas veces para descualificar sen máis ás deputacións e outras co afán sincero de atopar o modelo de organización territorial que mellor sirva aos intereses dos galegos.

A Deputación da Coruña non rexeita o debate, senón que, polo contrario, alégrase de que xurda un debate sereno sobre a organización territorial de Galicia, un debate que teña como único obxectivo o servizo ao pobo galego e como único límite o ordenamento xurídico que hai un momento prometemos cumprir e facer cumprir.

Dese debate debe xurdir un diagnóstico da situación actual, tendo en conta os antecedentes e a contorna, europea e español, que permitan instrumentar solucións axeitadas en termos de eficacia e democracia, de transparencia e participación.

Unha cuestión á que hai que darlle solucións é as necesidades de definir e reforzar a intermunicipalidade. Nun sistema local tan fragmentado resulta necesaria a existencia duns entes locais intermedios que garantan a viabilidade de numerosos problemas locais.

Dende o ámbito municipal non sempre se pode garantir a provisión de infraestruturas e equipamentos básicos e a prestación de determinados servizos, resultando, por esa razón, evidente a necesidade dunha organización intermunicipal que leve a cabo esa función cooperadora, encamiñada a posibilitar que os entes locais desenvolvan as súas responsabilidades de forma efectiva e que administren con eficiencia asuntos da súa competencia.

A configuración desa entidade local intermedia ou de segundo nivel terá que definila a propia sociedade galega, a través do seu Parlamento e dentro do ordenamento xurídico vixente.

Con gusto participaremos nese debate e mentres tanto debemos dedicar os nosos esforzos a xestionar as nosas competencias da forma máis eficaz e coa maior eficiencia ao servizo dos concellos e os seus habitantes.

Na sesión constitutiva da deputación o 26 de novembro de 2003 dicía:

“Debemos mellorar a cooperación económica local mediante a formulación dun Plan único de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, co fin de aproveitar as sinerxías que de tal plan se deriven. Este plan financiaríase con fondos do Ministerio de Administracións Públicas, a Xunta de Galicia, as deputacións e os Concellos, sería xestionado pola deputación e distribuídos os seus recursos en función dos criterios adoptados polas administracións financiadoras.

Desta forma, facilitaríamos en gran medida o labor dos concellos facendo máis eficiente a xestión dos plans, reducindo incertezas nas entidades locais, reforzando o que é a competencia nuclear das deputacións, que é xustamente a cooperación.”

Esta idea do Plan único non responde a ningunha ocorrencia circunstancial, é unha necesidade imperiosa para xestionar de forma máis eficiente os diñeiros públicos, para facer máis con menos.

Animo ao goberno de Galicia a que dea os pasos necesarios para converter esta idea nunha realidade; para isto contarase co apoio deste goberno provincial.

Fálase tamén e é tamén unha necesidade imperiosa a necesidade de coordinar coa Xunta as actividades das deputacións.

Como ten dito o Tribunal Constitucional, a eficiencia ou a eficacia esixible da actividade administrativa conducen directamente á coordinación como principio funcional e, polo tanto, organizativo das administracións públicas.

Non debemos de ter medo á coordinación, coordinar non é subordinar nin xerarquizar. Coordinar consiste en fixar medios e sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta das distintas administracións públicas no exercicio das respectivas competencias.

Así que, tanto a cooperación, consistente en unir esforzos, como a coordinación, cuxa esencia é a unidade de actuacións, son alleos a calquera tentación de xerarquías e verticalidades.

Estamos, pois, a favor desta coordinación e animo tamén á Xunta a dar os pasos necesarios nesta dirección e contará coa colaboración desta Deputación provincial.

Non é a coordinación unha ameaza para as deputacións, é unha oportunidade para ser máis eficaces, máis eficientes, e así desexamos contemplala.

Para levar a cabo este ambicioso programa de traballo e necesaria a achega de todos, e a todos convócoos para achegar as mellores reflexións, proxectos e propostas: aos políticos e aos funcionarios, aos profesionais e aos empresarios emprendedores, ás asociacións e fundacións en que se vertebra a sociedade coruñesa, aos intelectuais e artistas e a toda a cidadanía que protagonizamos o presente e forxamos cada día as bases dun futuro mellor.

Para levar a cabo o labor descrito temos o vehículo da nosa vontade de traballo e acordo, e a canle que nos proporciona a Constitución, o Estatuto de Autonomía e o resto do ordenamento xurídico vixente, que expresan a vontade soberana do pobo ao que representamos e do que procede a lexitimidade para o exercicio da responsabilidade que asumimos.

Remato xa, non sen antes reiterar o final xa expresado o 26 de novembro de 2003, ao iniciar o mandato que agora termina, por canto segue reflectindo os meus sentimentos de entón: doulles as grazas aos meus compañeiros do PSdeG - PSOE e do BNG pola súa confianza e colaboración, e aos deputados do Partido Popular solicítolles a leal colaboración que até agora mantiveron para traballar xuntos en prol do progreso da provincia.

Este debe ser o noso obxectivo común e tamén o noso gran reto.

Grazas a todos vostedes pola súa atención.

Finalizada esta intervención dáse por concluído o acto, remata a sesión ás doce horas e cincuenta e sete minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.